

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 23 DE DECEMBRO DE 2024

## ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D. Ángel Salvador García Cordero (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D<sup>a</sup>. María Ángeles Bello Salazar (ídem)

D. Javier Novo Rodríguez (ídem)

D<sup>a</sup>. Margarita Díaz Sanz (ídem)

D. Eladio Romero Neira (PP)

D. Jonathan Fernández Ríos (ídem)

D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG)

D. Rubén Ríos Curbeira (ídem)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, Salón de Sesións, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e catro, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter extraordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os que integran o Pleno. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora, D<sup>a</sup>. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co quórum regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

## 1º.- APROBACIÓN POS+ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025

Proposta da Alcaldía-Presidencia:

“Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña, relativa á aprobación do POS+Adicional 1/2025, para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, a Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

**Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 39.219,55 €**

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	900.000,00 €	765.000,00 €	135.000,00 €	39.219,55 €	95.780,45 €

Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025</b>	900.000,00 €	765.000,00 €	135.000,00 €	39.219,55 €	95.780,45 €

#### IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	<b>39.219,55 €</b>
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	<b>0,00 €</b>
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)</b>	<b>39.219,55 €</b>

2. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

DEBATE: consta en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión a explicación do carácter extraordinario do Pleno, por parte do Sr. Alcalde.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 10 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía-Presidencia, quedando convertida en acordo nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e doce minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certificado.

O Alcalde

O Secretario Xeral